

Galicia

Esta é a miña última publicación sobre “EnRedando co galego”. Foi unha moi boa experiencia que compartín cos meus amigos, compañeiros de clase e familiares. Penso que estas iniciativas son moi importantes para dar a coñecer da importancia do idioma galego e do seu emprego, co fin de deixar atrás os prexuizos antigos que, só son unha barreira que nos impide ver a realidade. A riqueza de ter varias linguas maternas é un agasallo que debemos coidar e manter. O poder falar o galego abertamente deixando a un lado eses prexuizos e o castelán ao mesmo tempo, é o que penso que deberíamos poder facer todos; a liberdade de expresarnos en calquera das dúas linguas por igual é o que fai que persistan.

Esta é a primeira estrofa de “Os pinos” de Eduardo Pondal, o himno de Galicia:

*Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?*

Eduardo Pondal: *Os pinos*

